Coa elección da receita comezouse a execución desta. O participante segue paso a paso as indicacións da tarefa. Na pantalla podía observar como ten que executar as diferentes técnicas de cociña: pelar, cortar, picar, bater, cocer, asar, guisar... no caso de que teña algunha dúbida por un lado ten o apoio da nai virtual e por outro a presenza da investigadora.

Cada vez que realiza un paso da receita indicáselle se o realizou mal, ben ou moi ben. O final consegue unha puntuación.

Animal Crossing Let´s go to the city

Animal Crossing é un videoxogo para a videoconsola Wii no cal o xogador simula o desenvolvemento dunha vida real en comunidade.

O xogo comezou cunha nova vida, nun pobo habitado por diferentes personaxes os cales ten que coñecer e cos cales ten que relacionarse o xogador. A partir da elección dun fogar segundo os gustos da persoa (localización e decoración), e a busca de traballo para poder vivir día a día, comezou a nova experiencia. En cada sesión tivo que realizar diferentes tarefas, utilizando sempre o mapa para orientarse polo pobo (casas de veciños, tenda, xastraría, casa do concello, correos, museo e parada de autobús) e a cidade, á cal podía desprazarse en transporte público para facer compras no centro comercial, divertirse e realizar un cambio de imaxe persoal.

Co avance do videoxogo o participante gañaba diferentes obxectos, tanto para decorar o seu fogar como para realizar diferentes actividades na vida cotiá virtual. É algo moi importante, xestionar os seus propios gastos para poder avanzar na vida virtual do videoxogo.

5.8 Estruturação das sesións

O período de intervención do estudo foi de 10 semanas durante o mes de Febreiro, Marzo e Abril. Ao longo deste período leváronse a cabo catro sesións semanais con cada participante, dúas sesións co xogo “Cooking Mama” (martes e xoves) e dúas sesións co xogo “Animal Crossing” (mércores e venres), como se pode observar na Táboa V. A duración de cada unha das sesións cos videoxogos da Wii foi de 30 minutos traballando en cada unha delas diferentes actividades como se aprecia na Táboa VI e VII.

O horario de sesións establecido foi acordado con cada un dos participantes de forma individual coa investigadora, e tendo en conta a rutina, hábitos e necesidades de cada un dos participantes. Deste xeito tamén se procurou que non se visen interrompidas as actividades que estes realizan de modo habitual dentro do CPAP (participación en cursos de formación, sesións de rehabilitación, participación en actividades de ocio, participación social...) e de descanso da propia persoa.

Táboa IV. Planificación sesións do estudo

	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
SEMANA 1	Cooking Mama	Animal Crossing	Cooking Mama	Animal Crossing
SEMANA 2	Cooking Mama	Animal Crossing	Cooking Mama	Animal Crossing
SEMANA 3	Cooking Mama	Animal Crossing	Cooking Mama	Animal Crossing
SEMANA 4	Cooking Mama	Animal Crossing	Cooking Mama	Animal Crossing
SEMANA 5	Cooking Mama	Animal Crossing	Cooking Mama	Animal Crossing
SEMANA 6	Cooking Mama	Animal Crossing	Cooking Mama	Animal Crossing
SEMANA 7	Cooking Mama	Animal Crossing	Cooking Mama	Animal Crossing

SEMANA 8	Cooking Mama	Animal Crossing	Cooking Mama	Animal Crossing
SEMANA 9	Cooking Mama	Animal Crossing	Cooking Mama	Animal Crossing
SEMANA 10	Cooking Mama	Animal Crossing	Cooking Mama	Animal Crossing

Táboa V. Planificación sesións Cooking Mama

MARTES	XOVES
Sesión 1: hamburguesa	Sesión 2: sándwich
Sesión 3: galletas	Sesión 4: boniato
Sesión 5: barbacoa	Sesión 6: mochi con fariña de soia
Sesión 7: ollomol a mariñeira	Sesión 8: bola de pataca
Sesión 9: rosbif	Sesión 10: doce de chocolate
Sesión 11: albóndegas de pulpo	Sesión 12: sushi
Sesión 13: pizza	Sesión 14: éclair
Sesión 15: albóndegas de dango	Sesión 16: zume de cóctel
Sesión 17: kebab	Sesión 18: zume de froitas

Sesión 19: patacas fritas con aros **Sesión 20:** espaguetis a boloñesa de cebola

Táboa VI. Planificación sesións Animal Crossing

MÉRCORES

VENRES

Sesión 1: viaxar o novo pobo e elixir no concello a nova vivenda, negociando prezo co arrendatario

Sesión 2: coñecer o alcalde do pobo e os novos veciños

Sesión 3: buscar traballo, nunha tenda

Sesión 4: realizar a primeira tarefa do novo traballo, plantar árbores e flores

Sesión 5: realizar a segunda tarefa, levarlle un pedido a un cliente

Sesión 6: buscar a nova veciña do pobo para coñecela

Sesión 7: mandar unha carta (oficina de correos) a un veciño por ser cliente da tenda

Sesión 8: escribir un anuncio no taboleiro de anuncios do pobo sobre a tenda

Sesión 9: cobrar o soldo da tenda e pagar parte da débeda da casa, así como vender unha alfombra e ingresar os cartos nunha conta no banco (caixeiro automático)

Sesión 10: recoller froita e vendela, cos cartos ganados comprar unha caña para pescar

Sesión 11: ir de pesca e recoller conchas e corais da praia

Sesión 12: vender o que recolleu na praia para comprar

roupa que el mesmo diseña

Sesión 13: pagar parte do préstamos (caixeiro automático) e doar cartos o fondo cívico

Sesión 14: cambiar de roupa e mirar no concello se hai anuncios de interese (busca de traballo)

Sesión 15: comprar obxectos para decorar a casa

Sesión 16: colocar os novos mobles da casa (cociña)

Sesión 17: encargar e comprar papel de escribir para mandar unha carta a un veciño

Sesión 18: recibir pedido e escribir a carta que hai que enviar mediante a oficina de correos

Sesión 19: recibir correos na caixa de correo da súa casa (cartas e regalos de amigos e familiares)

Sesión 20: pagar o que queda de préstamo da casa e despedirse dos veciños

5.9 Rigor ou credibilidade da investigación

Este estudo de investigación é de corte mixto, cualitativo e cuantitativo, responde a uns criterios, os cales permiten analizar a veracidade, a calidade científica e o rigor da metodoloxía cualitativa, estes son: credibilidade, confirmabilidade e transferibilidade.¹⁶

Dependencia ou consistencia lóxica

Neste traballo de investigación descríbense de forma detallada as técnicas empregadas para a recollida e análise dos datos, xa que pode darse o caso de que a propia investigadora ou outras persoas, quixesen

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

seguir investigando na intervención coa Wii en actividades instrumentais, e estes deberían obter resultados similares.

Credibilidade

É o grado de confianza na veracidade dos resultados obtidos neste estudo. A investigadora recolleu información aportada polos propios participantes no estudo sobre o que pensaron e sentiron sobre a experiencia vivida. Esta validez conséguese por diferentes motivos:

- Observación participante: durante un período de 10 semanas que durou as sesións coa realidade virtual, así como a observación que se levou a cabo ao longo das estancias prácticas. Isto favoreceu a verosimilitude e un maior enfoque para poder observar e analizar diferentes características do campo.
- Triangulación: triangulación de datos entre os investigadores (investigadora principal, terapeuta ocupacional do CPAP e neuropsicóloga do CPAP) na recollida de datos a partir de unha variedade de técnicas como son: observación participante, historias clínicas e entrevista.

Confirmabilidade ou neutralidade

Para asegurar a neutralidade dos resultados obtidos na investigación lévase a cabo a triangulación de datos entre os investigadores, co fin de que os resultados non se visen sesgados por xuízos ou intereses da investigadora principal.

Transferibilidade ou aplicabilidade

No estudo describiuse detalladamente o perfil dos informantes así como o contexto onde se levou a cabo, así buscouse manter a posible transferibilidade da investigación a outros contextos e suxeitos que garden similitudes cos participantes e o campo empregado para este traballo.

5.10 Consideracións éticas

A recollida de datos e a intervención levouse a a cabo segundo o disposto pola Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de protección de datos de carácter persoal e pola Lei 3/2005 do 7 de Maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos usuarios.^{18 19}

O equipo de investigación ten o deber de gardar en todo momento a confidencialidade dos participantes, polo tanto os datos dos mesmos levarán un código asignado (P1 e P2) que permitirán a súa identificación.

Para manter os principios éticos e facer constar os dereitos dos usuarios, achegóuselles un consentimento informado e unha folla de información onde se explica detalladamente todos os seus dereitos como participantes do estudo.

5.11 Análise dos datos

A análise de datos levouse a cabo inicialmente pola investigadora principal e despois triangulouse a información co terapeuta ocupacional e a neuropsicóloga do CPAP, a través dunha visión holística dos dous participantes, tendo en conta a persoa e o seu ambiente.

Neste estudo, estudáronse dous usuarios do Centro de Promoción da autonomía persoal de Bergondo (CPAP), os cales cumprían os criterios de inclusión e exclusión. O contexto onde se levou a cabo foi no propio centro.

Para a recollida e a análise dos datos empregouse una metodoloxía mixta, cuantitativa e cualitativa, como métodos complementarios e non como independentes un do outro. Para iso empréganse diferentes técnicas, por unha parte escalas estandarizadas e personalizadas, que aportan un valor numérico para a súa posterior análise cuantitativa e facilitar deste xeito o proceso, e por outra banda as entrevistas e a observación que aportan a experiencia persoal dos participantes sobre o estudo.

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

5.12 Posición da investigadora

A investigadora deste estudo é unha alumna de cuarto do grado de Terapia Ocupacional da Universidade da Coruña, que tras os coñecementos adquiridos ao longo da carreira propúxose investigar o papel da Terapia Ocupacional coas novas tecnoloxías da rehabilitación, neste caso coa videoconsola Wii, coa colaboración de persoas con dano cerebral adquirido.

Neste caso a perspectiva na que se acolleu a investigadora por un lado foi a de compartir a experiencia da participación no estudo cos participantes ao longo da intervención coa realidade virtual, e por outro lado unha posición neutra para analizar e reflexionar sobre os datos obtidos a través da avaliación ca entrevista semiestructurada e coas escalas.²¹

5.13 Limitacións do estudo

As limitacións do presente estudo son, por unha parte a mostra obtida, esta é pequena xa que no centro CPAP só se atoparon máis usuarios que cumprisen os criterios de inclusión e exclusión deste estudo e que mostrasen interese na proposta. Por outra parte a intervención coa Wii foi de catro sesións semanais durante dez semanas, as cales foron insuficientes para terminar os videoxogos, o cal podería verse reflexado nunha menor evolución no desempeño nas actividades instrumentais da vida diaria.

Considérase unha limitación do estudo o difícil acceso no mercado a xogos para a videoconsola Wii que aborden ocupacións da vida diaria, neste caso actividades instrumentais. Os xogos seleccionados foron os máis adecuados tras consultar diferentes posibilidades, aínda así, estes non desenrolan actividades instrumentais como son o coidado da roupa ou o coidado da casa.

6. Resultados

A partir dos datos recollidos ao inicio e ao final do estudo de investigación obtivéronse uns resultados que son analizados de forma individual. Os usuarios do CPAP que participaron no presente traballo son mencionados como “Participante 1 (P1)” e “Participante 2 (P2)” para preservar deste xeito o anonimato.

6.1 Resultado da escala AIVD

6.1.1 Resultados participante 1

P1: Avaliación inicial escala AIVD

A avaliación inicial coa escala de AIVD comezou o día 02/02/2015 e finalizou o día 06/02/2015 no centro CPAP. Para iso empregouse a observación directa da execución de actividades instrumentais da vida diaria concretas e prefixadas de antemán (actividades que se repetiron na avaliación final).

- AIVD coidado do fogar: o usuario necesita de gran asistencia dunha terceira persoa para realizar tarefas do fogar como son: decoración, limpeza de calquera superficie e que lle marquen rutinas de limpeza, xa que non amosa autonomía para planificar hábitos de hixiene do domicilio.
- AIVD alimentación: o informante ten coñecemento de técnicas básicas de cociña pero aínda así precisa de axuda moderada para poder executalas correctamente. Dubida constantemente e necesita o acompañamento en todo momento dunha persoa aínda que teña o apoio dunha receita. Nalgúns ítems da escala, planificación de menús, compra de alimentos e emprego de técnicas de cociña complexas (guisar, cocer, fritir e asar), obsérvase unha dependencia total.

- AIVD coidado de outros: o usuario amosa boa participación cos compañeiros do centro, con algún deles ten unha gran amizade, no coidado de mascotas e da parella precisa de axuda moderada.
- AIVD manexo do diñeiro e compras: o participante é capaz de controlar pequenas cantidades de diñeiro para as súas compras, pero obsérvase que non é capaz de manexar grandes cantidades de diñeiro, así como outras formas de pago a parte do pago en efectivo. Refire que o seu titor legal é o encargado de todas as xestións e el non ten ningún tipo de autonomía nestas actividades, o cal se reflexa á hora de ter que xestionar gastos que supoñan cantidades de máis de 50 euros.
- AIVD mobilidade na comunidade: o usuario precisa da asistencia dunha terceira persoa para moverse fóra do centro, á hora de ter que empregar transporte público presenta unha gran dependencia, e non se observa iniciativa para buscar nin horarios nin paradas.
- AIVD uso sistemas de comunicación: o informante é moi independente para o uso das novas tecnoloxías, emprégaa con moita frecuencia no seu día a día e obsérvase que para el son unha gran axuda e un gran entretemento. Pero á hora de empregar métodos máis tradicionais obsérvase dependencia total xa que non coñece os pasos a seguir para enviar unha carta por correspondencia.

P1: Avaliación final escala AIVD

A avaliación final coa escala de AIVD levouse a cabo dende o día 04/05/2015 ata o día 08/05/2015 no centro CPAP. Nesta valoración, ademais da información cuantitativa obtida, o usuario amosouse satisfeito e contento durante a execución das diversas actividades, cos resultados obtidos tras a intervención coa videoconsola Wii (recóllese isto mediante unha entrevista e a observación da execución das mesmas actividades valoradas na avaliación inicial, e analízase no apartado de información cualitativa).

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

- AIVD coidado do fogar: o participante nestas tarefas non demostra grandes cambios xa que foron pouco abordadas polos videoxogos seleccionados. Non se observan modificacións no seu desempeño ocupacional, pero si amosa interese por participar en actividades deste tipo, e integra rutinas de limpeza, o que reflicte nunha actividade de planificación de rutinas de limpeza.
- AIVD alimentación: obsérvase que gañou independencia para a toma de decisións na cociña, seguindo o apoio dunha receita pero non dunha terceira persoa. Nalgunhas técnicas de cociña máis complexas segue precisando da axuda dunha terceira persoa (mínima axuda), e para a planificación de menús necesita de gran asistencia.
- AIVD coidado de outros: obsérvase no usuario maior participación e iniciativa para manter conversas con persoas que non son do seu entorno social habitual, así como o interese por ter unha parella.
- AIVD manexo do diñeiro e compras: o participante gañou capacidade para administrar cantidades de diñeiro maiores de 50 euros, planificando gastos e coñecendo outras formas de pago como o uso da tarxeta. Para as xestións bancarias segue precisando de axuda moderada.
- AIVD mobilidade na comunidade: na saída realizada obsérvase no participante maior capacidade á hora de viaxar de forma independente, encargándose el mesmo de planear a viaxe.
- AIVD uso de sistemas de comunicación: tras o traballo coa Wii, adquiriu coñecemento dos pasos a seguir para enviar unha carta vía Correos.

P1: Comparativa avaliación inicial e final coa escala AIVD


O primeiro participante da mostra do estudo obtivo unha puntuación media antes da intervención de 1,81 na valoración inicial, e unha puntuación media de 2,47 despois de levar a cabo a intervención coa

videoconsola Wii. Tras analizar a escala de AIVD resáltase un gran avance nas actividades de alimentación, manexo de diñeiro e compras, e na mobilidade na comunidade. Na seguinte táboa (Táboa VIII) e na figura (Figura I) acláranse as medias iniciais e finais das ocupacións traballadas ao longo das sesións da investigación.

Táboa VII. Resultados antes e despois da Escala AIVD do Participante1

PARTICIPANTE 1		
ACTIVIDADE	MEDIA	
	ANTES	DESPOIS
Coidado do fogar	1	1,28
Alimentación	1,65	2,53
Coidado de outros	2,33	2,67
Manexo de diñeiro e compras	1,5	2,5
Mobilidade na comunidade	1,71	2,86
Uso de sistemas de comunicación	2,67	3
	1,81	2,47

Figura I. Resultados antes e despois da Escala AIVD do Participante1



6.1.2 Resultados participante 2

P2: Avaliación inicial escala AIVD

O día 02/02/2015 iniciouse a avaliación inicial coa escala de AIVD e finalizou o día 06/02/2015, no centro CPAP. Isto realízase mediante unha entrevista e a observación directa da execución de actividades instrumentais.

- AIVD coidado do fogar: o usuario precisa de axuda para tarefas do coidado do fogar, ten coñecemento dos materiais que debe empregar e de como o ten que realizar, pero presenta momentos de dúbida e pide axuda a unha terceira persoa. Non ten establecidas rutinas de limpeza e presenta dependencia alta para que llas seleccionen.
- AIVD alimentación: obsérvanse no participante coñecementos básicos de cociña, pero constantemente reclama axuda xa que non se sente seguro só co apoio da receita; onde presenta maior

dificultade é para seguir os pasos da receita e seleccionar os alimentos, esquécese constantemente do que leu.

- AIVD coidado de outros: non presenta ningún tipo de dificultade nestas actividades, só mostra dependencia para o coidado de animais xa que non ten coñecementos básicos para iso.
- AIVD manexo do diñeiro e compras: o informante é independente para o manexo de pequenas cantidades de diñeiro, pero necesita da axuda de outra persoa que lle xestione os gastos maiores. É capaz de resolver de modo independente unha actividade de compra, realizando o pagamento tanto con diñeiro en efectivo como con tarxeta.
- AIVD mobilidade na comunidade: o participante precisa da asistencia moderada de outra persoa para desprazarse pola comunidade, pero é capaz de pedir axuda ou de empregar sistemas electrónicos para orientarse.
- AIVD uso sistemas de comunicación: o usuario amosa total independencia para o manexo das novas tecnoloxías, empregado estas diariamente. Á hora de empregar métodos de comunicación máis tradicionais presenta dependencia, xa que nunca enviou unha carta mediante correos nin sabe como facelo.

P2: Avaliación final escala AIVD

A avaliación final coa escala de AIVD levouse a cabo o día 0/05/2015 ata o día 08/05/2015 no centro CPAP. Valorando mediante a entrevista e a observación directa na execución de diversas actividades os cambios no desempeño ocupacional do participante.

- AIVD coidado do fogar: o usuario non demostra apenas cambios significativos, segue realizando do mesmo xeito as actividades de coidado do domicilio, pero é capaz de establecer de modo independente rutinas de limpeza.
- AIVD alimentación: tras participar na intervención coa videoconsola Wii apréciase unha evolución no desempeño en actividades de

preparación de alimentos. Afianzou todo aquilo que anteriormente coñecía, sen observarse dúbida constantemente, e mellorou a capacidade de seguir unha receita e seleccionar os alimentos. A planificación de menús non se traballou de xeito directo coa Wii, e non se apreciaron cambios.

- AIVD coidado de outros: o participante non presenta cambios neste tipo de actividades, sigue sendo independente para o coidado das súas amizades, e segue precisando de axuda moderada para o coidado de mascotas.
- AIVD manexo do diñeiro e compras: o usuario gañou autonomía para a xestión de cantidades maiores, como son gastos mensuais, sabendo administrar unha cantidade grande de diñeiro e afianzando coñecementos e destrezas que xa tiña adquiridos anteriormente.
- AIVD mobilidade na comunidade: o participante amosou mellora na orientación, ben sexa utilizando diferentes métodos, como os mapas. Obsérvase mellora na autonomía para viaxar sen o apoio dunha terceira persoa, e para buscar horarios e paradas de autobuses.
- AIVD uso de sistemas de comunicación: o participante mantivo a mesma independencia para o uso das novas tecnoloxías, demostrando maior independencia en métodos tradicionais que antes non empregaba como o envío de cartas escritas.

P2: Comparativa avaliación inicial e final coa escala AIVD


O segundo participante da mostra do estudo obtivo unha puntuación media antes da intervención de 2,25 e unha puntuación media de 2,47 despois de realizarse a intervención coa videoconsola Wii. Tras analizar a escala de AIVD resáltase un gran avance nas actividades de alimentación, manexo de diñeiro e compras, e mobilidade na comunidade. Na seguinte táboa (Táboa IX) e na figura (Figura II) acláranse as medias

iniciais e finais das ocupacións traballadas ao longo das sesións da investigación.

Táboa VIII. Resultados antes e despois da Escala AIVD do Participante2

PARTICIPANTE 2		
ACTIVIDADE	MEDIA	
	ANTES	DESPOIS
Coidado do fogar	1,86	2,14
Alimentación	1,88	2,94
Coidado de outros	2,67	2,67
Manexo de diñeiro e compras	1,83	2,67
Mobilidade na comunidade	2,43	3
Uso de sistemas de comunicación	2,83	3
	2,25	2,47

Figura II. Resultados antes e despois da Escala AIVD do Participante2



6.2 Compoñentes cognitivos

6.2.1 Resultados participante 1

P1: Avaliación inicial batería LOTCA

O día 04/02/2015 realizouse unha avaliación inicial coa batería LOTCA no centro CPAP, mediante a cal se avaliaron diversos compoñentes cognitivos, co obxectivo de comprobar si a intervención coa videoconsola Wii intervé na mellora destes compoñentes, e deste xeito poder inferir unha interrelación entre a mellora no desempeño ocupacional nas AIVD coa mellora nos compoñentes cognitivos.

Resaltar que o participante obtivo unha puntuación alta, presentando boa orientación e percepción. Observouse que ten dificultades para percibir a profundidade de obxectos polo que obtivo menor puntuación en tarefas de organización visomotora. Na categoría de operacións racionais só comentar que tivo dificultades para resolver a secuencia xeométrica, necesitando de varios intentos para resolvela.

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

O tempo que se empregou para a valoración foi de unha hora, con momentos de interrupción xa que o usuario amosouse desconcentrado e distraído nalgúns momentos da actividade.

P1: Avaliación final batería LOTCA

A avaliación final coa batería LOTCA realizouse o día 07/05/2015 no centro CPAP. Os resultados obtidos apenas varían da avaliación inicial, segue demostrando algún problema para a percepción da profundidade dos obxectos, pero en categorías como a organización visomotora e racional obsérvase mellora, non necesita de diversos intentos para resolver a tarefa e o tempo empregado é moito menor.

Comentar que o tempo empregado nesta ocasión foi de 40 minutos e iso puido estar influído pola alta atención e concentración que mantivo ao longo da valoración.

P1: Comparativa avaliación inicial e final coa batería LOTCA

Empregouse a batería LOTCA para observar e analizar se unha mellora en compoñentes cognitivos pode estar relacionado coa mellora no desempeño ocupacional. Comparando a puntuación da valoración inicial coa puntuación da valoración final do participante 1 os resultados apenas varían, na seguinte táboa (Táboa X) pódense ver ambas puntuacións. Destacar que o tempo que empregou o participante para completar a avaliación coa batería foi de 20 minutos menos (na valoración inicial 60minutos e na valoración final 40minutos), así como a atención e a concentración que mantivo durante a proba, a cal foi maior ó final; a velocidade de procesamento observouse aumentada.

Táboa IX. Resultados antes e despois da Batería LOTCA do Participante1

PARTICIPANTE 1		
CATEGORÍA	MEDIA	
	ANTES	DESPOIS
Orientación	4	4
Percepción	3,83	3,83
Organización visomotora	3,86	4
Operacións racionais	4,33	4,5
	4	4,1

6.2.2 Resultados participante 2

P2: Avaliación inicial batería LOTCA

O día 5/02/2015 realizouse unha avaliación inicial coa batería LOTCA no centro CPAP o participante 2, para valorar os compoñentes cognitivos.

Durante a avaliación observouse que o usuario presenta dificultades de orientación no tempo, de percepción da profundidade de obxectos, e sobre todo, en tarefas que supoñan operacións racionais como son a categorización e as secuencias. A dificultade de orientación temporal dificultalle a actividade de debuxar un reloxo, xa que non ten unha adecuada percepción do tempo, e necesita de varios intentos para finalizala.

O tempo empregado para a administración da batería foi de unha hora, presenta momentos con lapsus, estaba distraído con problemas persoais que acaparaban a súa atención e concentración.

P2: Avaliación final batería LOTCA

A avaliación final coa batería LOTCA levouse a cabo no centro CPAP o día 07/05/2015. Durante a valoración observouse un cambio destacable, a mellora a nivel de orientación temporal e a rapidez ca que resolveu as tarefas de operacións racionais, como son a categorización e as secuencias, ambas nas que presentou dificultades na valoración inicial. Pero segue amosando pequenas dificultades para manter a atención e a concentración nalgún momento, xa que necesitou que se lle repetise a hora do reloxo catro veces para marcala correctamente.

O resto de categorías non sufriron cambios, e o tempo empregado foi menor, 35 minutos, observando mellora na atención e a concentración ó longo da valoración en comparación coa valoración inicial.

P2: Comparativa avaliación inicial e final coa batería LOTCA

Empregouse a batería LOTCA para observar e analizar se fose posible inferir unha mellora en compoñentes cognitivos cunha mellora no desempeño ocupacional nas AIVD. Comparando a puntuación da valoración inicial coa puntuación da valoración final do participante 2, pódese observar na Táboa XI que aumentou a puntuación en todas as categorías, excepto na organización visomotora. Destacar que o tempo que empregou o participante para completar a avaliación coa batería foi de 25 minutos menos (na valoración inicial 60minutos na valoración final 35minutos). A atención e a concentración que mantivo durante a actividade foi a mesma en ambas valoracións, e nalgún momento necesitou dunha dobre explicación para comprender a orde.

Táboa X. Resultados antes e despois da Batería LOTCA do Participante2

PARTICIPANTE 2		
CATEGORÍA	MEDIA	
	ANTES	DESPOIS
Orientación	3,5	4
Percepción	3,83	4
Organización visomotora	3,86	3,71
Operacións racionais	4	4,5
	3,8	4,05

6.3 Observación participante

No caderno de campo recolléronse anotacións que a investigadora considerou de relevancia para o estudo, levando un rexistro diario de cada sesión con ámbolos dous participantes.

As primeiras sesións foron de toma de contacto cos videoxogos, ambos participantes xa empregaran a videoconsola Wii en máis ocasións, xa que ambos son afeccionados ás novas tecnoloxías; isto facilitou o seu emprego e a interacción deles coa máquina.

Ao longo do proceso de intervención os usuarios foron apreciando unha mellora, por un lado pola puntuación que aportaba o xogo Cooking Mama, o cal os motivou moito, eles mesmos verbalizaban o seu interese por facelo cada vez mellor. Por outro lado, ambos cada vez precisaron de

menos axuda verbal da investigadora para resolver tarefas na realidade virtual, gañando autonomía na execución e na toma de decisións.

6.4 Entrevistas semiestructuradas

Unha vez analizadas as entrevistas realizadas aos dous participantes, establecéronse unha serie de categorías de significado para tratar de explicar o fenómeno de estudo. Estas categorías foron: motivación, participación e aprendizaxe . Ditas categorías fórmanse a partir dos verbatim extraídos da entrevistas semiestructuradas e do caderno de campo, a sigla “P1” fai referencia o participante 1, e a sigla “P2” ao participante 2.

- Motivación: os participantes refiren en varias ocasións que a videoconsola Wii conseguía mantelos activos e gozaban co que estaban realizando. Sobre todo co xogo de receitas de cociña, xa que conseguían unha puntuación ficticia ao final o cal os estimulaba para lograr o obxectivo final, e porque eles mesmos se daban conta que antes da intervención non tiñan interese por esta ocupación, a cal agora mesmo queren trasladar a vida real. Este sentimento tamén está relacionado coa interacción urxida entre a unión da videoconsola, elemento de interese e con valor na vida dos usuarios, coa procura do obxectivo de ambos participantes, gañar independencia e aportarlles propósito a actividades que antes non significaban nada na súa vida cotiá.

“Cocinar si, por lo menos con la Wii me encantaba cocinar”

(P1)

“Ahora veo el futuro más claro ya que sería capaz de alimentarme, ya que antes me imaginaba viviendo solo y trabajando pero como no comiera pizzas, o de esas cosas congeladas...”

(P1)

“Sí, me llenan más sé que estoy haciendo algo bueno e importante para mí. Le veo más sentido a cocinar”

(P2)

“Se cumplieron ya que cada vez tengo más claro lo que quiero y estoy más motivado para conseguirlas”

(P2)

- Participación: a participación a nivel social é algo que destacan constantemente os individuos, as ganas de coñecer xente nova e de formar novas amizades tras participar no programa coa Nintendo Wii. Tamén a palabra participación se refire a intentar realizar novas ocupacións nas que anteriormente non participaban por falta de significado nas súas vidas, pasando a ser ocupacións con propósito, resaltando entre elas as actividades de cociña e as xestións financeiras. Participar na comunidade ampliando ou creando novos contextos de interacción, empoderándose a si mesmos o darse conta das súas capacidades e fortalezas para seguir desenrolando o seu ciclo vital e ser membro activo da comunidade.

“Si ahora gracias al Animal tengo amigos en Lugo, y tenía una novia, tenía... y yo soy de Vigo”

(P1)

“Sí, ya que ahora puedo intentar cocinar antes no, sobre todo resalto actividades de cocina, de gestiones y de hablar con gente desconocida”

(P1)

“Sí cocinar más y hacer las cosas de casa”

(P2)

“Mejoró, ya que estoy más abierto y hago cosas que antes no me interesaba”

(P2)

- Aprendizaxe: ao inicio do estudo o participante 1 e 2 resaltan as ganas de aprender e de mellorar para lograr maior independencia no seu día a día, refiren na entrevista que isto se cumpriu, que para eles ambos xogos empregados foron moi educativos e aportáronlles moito para as súas ocupacións da vida real, vendo máis claras as súas metas na vida e coñecendo a súas capacidades para logralas. Amosan as ganas de seguir aprendendo para seguir formando a súa propia identidade ocupacional.

“Voy seguir mejorando para ver si puedo mejorar, porque yo en serio no tenía ni idea de hacer una receta y gracias a la Wii siguiendo los pasos lo conseguí”

(P1)

“Vamos a ver, eso lo aprendí con la Wii pero nunca lo he hecho, pero gracias a la Wii sé cómo se hace (...)”

(P1)

“Si, que quiero seguir aprendiendo para ser más autónomo e independente”

(P2)

“Estar centrado y de cada cosa que hago aprender algo”

7. Discusión

Con este estudo de investigación presentouse unha alternativa de intervención dende a perspectiva da Terapia Ocupacional en persoas con dano cerebral adquirido, abarcando unha técnica baseada nas tecnoloxías da rehabilitación. Como afirmou Wilcock en 2001 *“a ciencia da ocupación non provee un programa normativo de terapia”*¹⁵ e co presente traballo preténdese abrir unha nova liña de investigación creando un novo programa no cal a ocupación sexa o centro da intervención.

A investigación levouse a cabo no CPAP xa que ofrece servizos a persoas con diversidade funcional que por diversos motivos vén comprometido o seu desempeño ocupacional.²² O centro está moi ligado co propósito do estudo, que é ofrecer un servizo centrado na participación en ocupacións esenciais na vida cotiá dos usuarios, este é o caso das AIVD.

O presente estudo céntrase na intervención en AIVD mediante o uso das novas tecnoloxías da rehabilitación, especificamente a Nintendo Wii. Para iso levouse a cabo un estudo de corte mixto, cualitativo e cuantitativo, co fin de coñecer a experiencia dos participantes sobre a intervención no seu desempeño ocupacional mediante o emprego dunha realidade virtual.

A bibliografía consultada para este traballo de investigación é escasa xa que apenas existe evidencia científica sobre o uso da videoconsola Wii para a intervención en actividades da vida diaria. Os estudos analizados abarcan campos da neuropsicoloxía e da fisioterapia, pero apenas da disciplina da Terapia Ocupacional. A Terapia Ocupacional emprega o uso das realidades virtuais para estimular compoñentes cognitivos-perceptivos e físicos, pero non intervén directamente na ocupación, empregando xogos como Wii Sports, Wii Fitness, Tetris, Big Brain Academy etc.

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

Neste estudo de investigación empregáronse os xogos Cooking Mama e Animal Crossing, dos cales non se encontraron estudos previos. Nos dous participantes deste traballo apreciouse unha evolución no desempeño ocupacional en actividades instrumentais da vida diaria, principalmente naquelas relacionadas coa alimentación, o manexo do diñeiro e compras e a mobilidade na comunidade, pasando dunha dependencia total ou moderada a unha mínima dependencia ou independencia.

Nas puntuacións obtidas na escala de AIVD inicial e final observouse un incremento de 0,66 puntos no participante 1 e un aumento do 0,49 no participante 2, o cal parece indicar uns resultados positivos da intervención.

Recentes investigacións identifican efectos beneficiosos a nivel cognitivo (melloras na velocidade de precisión, atención visual, na memoria e funcións executivas), a nivel motivacional (aumento da persistencia por lograr o obxectivo), a nivel emocional (aparición de emocións positivas e estratexias para regular as emocións negativas) e a nivel de participación social (aumento do sentimento de compromiso e participación na comunidade).²³

